

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL**

RESOLUCIÓN do 1 de agosto de 2024, da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, pola que se fai pública a convocatoria para acreditar centros e persoas coordinadoras e titoras para o desenvolvemento do prácticum correspondente ao Curso de especialización en formación pedagóxica e didáctica do profesorado técnico en formación profesional, na Comunidade Autónoma de Galicia, para o curso 2024/25.

A Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación (LOE), establece que para exercer a docencia nas diferentes ensinanzas reguladas nela será necesario estar en posesión das titulacións académicas correspondentes e ter a formación pedagóxica e didáctica que o Goberno estableza para cada ensinanza.

A Orde ECI/3858/2007, do 27 de decembro (BOE do 29 de decembro), establece os requisitos para a verificación dos títulos oficiais que habiliten para o exercicio das profesións de profesor/a de educación secundaria obrigatoria e bacharelato, formación profesional e ensinanzas de idiomas.

A Orde EDU/2645/2011, do 23 de setembro (BOE do 5 de outubro), pola que se establece a formación equivalente á formación pedagóxica e didáctica exixida para aquelas persoas que, estando en posesión dunha titulación declarada equivalente para efectos de docencia, non poden realizar os estudos de máster, dispón no artigo 2:

1. As persoas que posúan unha titulación declarada equivalente para os efectos de docencia nas ensinanzas de formación profesional e deportivas e queiran exercer a docencia nelas deberán ter unha certificación oficial que acredite estar en posesión da formación pedagóxica e didáctica equivalente á exixida no artigo 100 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio.

2. Os estudos conducentes a esta certificación oficial deberán cumprir cos requisitos que se sinalan nos artigos 2 e 4 da Orde EDU/2645/2011.

De acordo co establecido no artigo 4.2 desta orde, para acceder á formación regulada nela deberase acreditar como requisito previo o dominio dunha lingua estranxeira equivalente ao nivel B1 do Marco común europeo de referencia para as linguas, de acordo coa Recomendación nº R (98)6 do Comité de Ministros de Estados Membros do 17 de outubro de 2000.



3. As administracións educativas determinarán as institucións educativas que poden ofertar estes estudos.

4. Ao superar estes estudos, a Administración educativa correspondente emitirá un certificado oficial, con validez en todo o territorio nacional, segundo as especificacións indicadas no anexo I, no cal conste expresamente a posesión da formación pedagóxica e didáctica equivalente á exixida no artigo 100.2 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio.

O artigo 4.1 aclara que só poderán acceder a estes estudos aquelas persoas que posúan unha titulación declarada equivalente para efectos de docencia e non poidan acceder aos estudos de máster regulados pola Orde ECI/3858/2007.

O artigo 5 da Orde EDU/2645/2011 di:

1. Os estudos conducentes á obtención desta acreditación terán unha duración de 60 créditos europeos e incluírán un módulo de prácticum.

2. Os estudos a que se refire esta orde poderanse impartir na modalidade presencial ou a distancia. No primeiro dos supostos teñen que ser presenciais os correspondentes ao prácticum e, polo menos, o 80 por cento dos créditos totais. Cando a formación se imparta a distancia, os créditos correspondentes ao prácticum terán que ser presenciais en todo caso.

3. O prácticum realizarase en colaboración coas institucións educativas que impartan as ensinanzas correspondentes establecidas polas administracións educativas. As institucións educativas participantes na realización do prácticum terán que estar recoñecidas como centros de prácticas, así como as persoas titoras encargadas da orientación e tutela dos/das estudantes.

Para tal fin, e de acordo co anteriormente exposto, como director xeral de Centros e Recursos Humanos

RESOLVO:

Artigo 1. Obxecto

O obxecto desta resolución é abrir o procedemento para acreditar centros e persoas coordinadoras e titoras para o curso 2024/25 para o desenvolvemento do prácticum correspondente do curso de especialización en formación pedagóxica e didáctica do profesorado



técnico de formación profesional, que lle permitirá ao alumnado que o curse a súa iniciación na práctica docente directa, ademais de coñecer os aspectos pedagóxicos, organizativos e de funcionamento dos centros, co apoio e baixo a tutela de profesorado en exercicio que reúna as características e a preparación adecuadas.

Esta resolución será de aplicación ás universidades que asinasen un convenio coa Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional para a realización das prácticas do seu alumnado do curso de especialización FP.

Artigo 2. *Centros de prácticas*

1. Poderán ser centros de prácticas do alumnado do curso de especialización FP os centros sostidos con fondos públicos en que se impartan todas ou algunha das ditas ensinanzas.

2. Os centros educativos que desexen ser designados como centros de prácticas deberán cumprir os seguintes requisitos:

a) Aprobación do claustro de profesores/as para colaborar co prácticum.

b) Incorporación, na programación anual, da participación do centro no desenvolvemento das actividades de titoría do alumnado do prácticum, autorizando a súa presenza e participación nas actividades do centro docente e asumindo o equipo directivo e a persoa coordinadora do prácticum do centro a responsabilidade de supervisión do seu desenvolvemento e a interlocución coas persoas responsables do prácticum na universidade.

Artigo 3. *Persoa titora de prácticas*

Á persoa titora corresponderalle a tutela dun máximo de tres alumnos/as en prácticas.

1. O profesorado que desexe ser designado como persoa titora de prácticas deberá contar, polo menos, con dous anos de experiencia docente. No suposto de que o prácticum se divida en varias fases, a persoa titora será a mesma durante todo o proceso de prácticas.

2. Serán funcións da persoa titora de prácticas:

a) Acoller o alumnado en prácticas e acompañalo nos períodos que se establezan ao longo do curso escolar.



- b) Favorecer a formación inicial na práctica docente do citado alumnado.
- c) Asesorar o alumnado en prácticas e facilitar que se integre plenamente na vida do centro.
- d) Coordinar as actividades de formación coa persoa titora da universidade.
- e) Avaliar o desenvolvemento das prácticas do alumnado seguindo para iso os criterios e as pautas do plan de prácticas da universidade correspondente.
- f) As demais atribucións que se lle asignen.
- g) Aqueloutras funcións que lle sexan atribuídas polo ordenamento xurídico vixente.

Artigo 4. *Persoa coordinadora de prácticas*

A persoa directora do centro ou, por delegación súa, a persoa encargada da xefatura de estudos ou, excepcionalmente, unha das persoas titora das prácticas exercerá as funcións de persoa coordinadora das prácticas.

Serán as súas funcións:

- a) Establecer as accións que desenvolverán as persoas titoras de prácticas do centro.
- b) Posibilitar a integración plena no centro do alumnado en prácticas.
- c) Facilitarlle ao alumnado en prácticas o coñecemento da organización e funcionamento do centro.
- d) Xestionar os espazos e os tempos para a intervención do/da alumno/a de prácticas.

Artigo 5. *Recoñecemento pola Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional*

A Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional recoñecerá a participación do profesorado titor e coordinador, de acordo coa normativa vixente.



Artigo 6. Comisión de Seguimento e funcións

1. Haberá unha Comisión de Seguimento coas universidades con que se subscribise convenio de colaboración para o desenvolvemento do prácticum correspondente ao curso de especialización en formación pedagóxica e didáctica do profesorado técnico en FP, na Comunidade Autónoma de Galicia, para o curso 2024/25.

2. Ademais das funcións específicas reguladas en cada convenio, a Comisión terá as seguintes:

a) A aprobación e consecuente designación de centros en prácticas segundo a proposta feita pola universidade correspondente.

b) Facer o seguimento e apoio ao desenvolvemento do prácticum.

c) Resolver cantas cuestións se poidan suscitar en relación co desenvolvemento das prácticas.

Artigo 7. Solicitudes e documentación

Os centros e as persoas, coordinadoras e titoras, que desexen acreditarse para o desenvolvemento do prácticum correspondente ao curso de especialización FP deberán solicitar a súa alta á Dirección do centro, que rexistrará todas as persoas interesadas, na aplicación Xade, seguindo o itinerario <<Profesorado>Datos profesionais>Traballo no centro>>, onde existirán dúas opcións: <<Coordinador prácticum curso especialización FP>> e <<Voluntario para titorizar prácticum curso especialización FP>>.

Artigo 8. Centros acreditados

As listaxes dos centros acreditados e das súas persoas coordinadoras e titoras e especialidades ofertadas faranse públicas nos departamentos provinciais, así como no portal educativo da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional <http://www.edu.xunta.gal/portal/>

Artigo 9. Selección dos centros e réxime de realización das prácticas

A Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional remitirá-lles estas solicitudes, unha vez revisadas, ás universidades correspondentes.



As universidades, unha vez analizadas as solicitudes, formularán, de acordo coas súas necesidades, a proposta dos centros e persoas coordinadoras seleccionados do correspondente prácticum.

A realización das prácticas rexeráse pola normativa vixente e polos convenios que, de ser caso, se establezan entre a Consellería e as universidades.

Artigo 10. *Prazo de presentación*

O prazo de presentación das solicitudes dará comezo o día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia* e será de dez (10) días hábiles. Nese momento pecharase a aplicación Xade, e a partir desta data non se poderán introducir máis centros e persoas titoras e coordinadoras nela. As persoas interesadas dispoñerán de cinco (5) días hábiles para realizaren as alegacións que consideren ás listaxes publicadas no portal educativo, no correo formacion.fprofe@edu.xunta.gal

Artigo 11. *Réxime de recursos*

Contra esta resolución, que non pon fin á vía administrativa, poderá interpoñerse recurso de alzada, ante o conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Disposición derradeira primeira

Facúltase a Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos para adoptar os acordos e ditar as resolucións que considere oportunas en desenvolvemento desta resolución.

Disposición derradeira segunda

Esta resolución entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 1 de agosto de 2024

Jesús Manuel Álvarez Bértolo
Director xeral de Centros e Recursos Humanos

